

Expte. Núm.: 1684/2025

Procedemento: Subvencións Directas ou nominativas

Interesado: Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Xinzo (V36021756)

Resolución con número e data establecidos á marxe

ANTECEDENTES

Consta no expediente:

- Informe-proposta do órgano xestor
- Informe xurídico 2025-0533 asinado polo asesor xurídico
- RC
- Informe de intervención do convenio 2025-0857
- Informe de intervención sobre outras axudas 2025-0858
- Certificados de encontrarse ao corrente coa Axencia Tributaria Galega, Axencia Tributaria do Estado e coa Seguridade Social e informe de estar ao corrente co ORAL
- Estatutos.
- CIF
- Declaración da Presidencia conforme CMVMC non está incurso en causa de incompatibilidade para percibir axudas ou subvencións públicas.
- Orzamentos do mantemento do ascensor e da plataforma e a adquisición dunha consola para a plataforma

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, sinala:

“1. Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas entre si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común. Non teñen a consideración de convenios, os Protocolos Xerais de Actuación ou instrumentos similares que comporten meras declaracións de intención de contido xeral ou que expresen a vontade das Administracións e partes subscritoras para actuar cun obxectivo común, sempre que non supoñan a formalización de compromisos xurídicos concretos e esixibles. Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos



Concello de Ponteareas

contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público.

2. Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as Universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

c) Convenios asinados entre unha Administración Pública ou organismo ou entidade de dereito público e un suxeito de Dereito privado.”

Pola súa banda o artigo 48 da devandita lei sinala:

“3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír á realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

4. A xestión, xustificación e resto de actuacións relacionadas cos gastos derivados dos convenios que inclúan compromisos financeiros para a Administración Pública ou calquera dos seus organismos públicos ou entidades de dereito público vinculados ou dependentes que o subscriban, así como cos fondos comprometidos en virtude dos devanditos convenios, axustaranse ao disposto na lexislación orzamentaria.

5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sustentables, debendo quen os subscriba ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio.

6. As achegas financeiras que se comprometan a realizar os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio.

7. Cando o convenio instrumente unha subvención deberá cumprir co previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións e na normativa autonómica de desenvolvemento que, no seu caso, resulte aplicable. Así mesmo, cando o convenio teña por obxecto a delegación de competencias nunha Entidade Local, deberá cumprir co disposto en Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.”

Respecto ao contido dos convenios, sinala o artigo 49 da citada norma:

“os convenios aos que se refire o apartado 1 do artigo anterior deberán incluír, polo menos, as seguintes materias:



Concello de Ponteareas

- a) Suxeitos que subscriben o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.
- b) A competencia na que se fundamenta a actuación da Administración Pública, dos organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes dela ou das Universidades públicas.
- c) Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando, no seu caso, a titularidade dos resultados obtidos.
- d) Obrigacións e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes, se os houbese, indicando a súa distribución temporal por anualidades e a súa imputación concreta ao orzamento correspondente de acordo co previsto na lexislación orzamentaria.
- e) Consecuencias aplicables en caso de incumprimento das obrigacións e compromisos asumidos por cada unha das partes e, no seu caso, os criterios para determinar a posible indemnización polo incumprimento.
- f) Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes. Este mecanismo resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que poidan exporse respecto dos convenios.
- g) O réxime de modificación do convenio. A falta de regulación expresa a modificación do contido do convenio requirirá acordo unánime dos asinantes.
- h) Prazo de vixencia do convenio”

E o artigo 50 esixe: “1. Sen prexuízo das especialidades que a lexislación autonómica poida prever, será necesario que o convenio se acompañe dunha memoria xustificativa onde se analice a súa necesidade e oportunidade, o seu impacto económico, o carácter non contractual da actividade en cuestión, así como o cumprimento do previsto nesta Lei.”

Segundo- Pola súa banda a Lei de Subvencións, Lei 38/2003 sinala no seu artigo 22 a posibilidade de conceder subvencións nominativas ao establecer:

“2. Poderán concederse de forma directa as seguintes subvencións:



Concello de Ponteareas

a) As previstas nominativamente nos Orzamentos Xerais do Estado, das Comunidades Autónomas ou das Entidades Locais, nos termos recolleitos nos convenios e na normativa reguladora destas subvencións.

A efectos do establecido no parágrafo anterior, enténdese por subvención prevista nominativamente nos Orzamentos Xerais do Estado aquela en que polo menos a súa dotación orzamentaria e beneficiario aparezan determinados nos estados de gasto do Orzamento. O obxecto destas subvencións deberá quedar determinado expresamente no correspondente convenio de colaboración ou resolución de concesión que, en todo caso, deberá ser congruente coa clasificación funcional e económica do correspondente crédito orzamentario.

b) Aquelas cuxo outorgamento ou contía veña imposto á Administración por unha norma de rango legal, que seguirán o procedemento de concesión que lles resulte de aplicación de acordo coa súa propia normativa.

c) Con carácter excepcional, aqueloutras subvencións en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.”

Respecto ao procedemento de concesión, sinala o artigo 65 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003

“1. A efectos do disposto no artigo 22.2 a) da Lei Xeral de Subvencións, son subvencións previstas nominativamente nos Orzamentos Xerais do Estado, das Comunidades Autónomas ou das Entidades Locais, aquelas cuxo obxecto, dotación orzamentaria e beneficiario aparecen determinados expresamente no estado de gastos do orzamento.

2. Na Administración Xeral do Estado, nas Entidades Locais e nos organismos públicos vinculados ou dependentes de ambas, será de aplicación ás devanditas subvencións, en defecto de normativa específica que regule a súa concesión, o previsto na Lei Xeral de Subvencións e neste Regulamento, salvo no que nunha e outro afecte á aplicación dos principios de publicidade e concorrência.

3. O procedemento para a concesión destas subvencións iniciárase de oficio polo centro xestor do crédito orzamentario ao que se imputa a



Concello de Ponteareas

subvención, ou a instancia do interesado, e terminará coa resolución de concesión ou o convenio. En calquera dos supostos previstos neste apartado, o acto de concesión ou o convenio terá o carácter de bases reguladoras da concesión para os efectos do disposto na Lei Xeral de Subvencións. A resolución ou, no seu caso, o convenio deberá incluír os seguintes extremos:

- a) Determinación do obxecto da subvención e dos seus beneficiarios, de acordo coa asignación orzamentaria.
- b) Crédito orzamentario ao que se imputa o gasto e contía da subvención, individualizada, no seu caso, para cada beneficiario se fosen varios.
- c) Compatibilidade ou incompatibilidade con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administracións ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.
- d) Prazos e modos de pago da subvención, posibilidade de efectuar pagos anticipados e abonos a conta, así como o réxime de garantías que, no seu caso, deberán achegar os beneficiarios.
- e) Prazo e forma de xustificación por parte do beneficiario do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e da aplicación dos fondos percibidos.”

E o artigo 65 do Regulamento que desenvolve a lei de subvencións establece:

“1. A efectos do disposto no artigo 22.2 a) da Lei Xeral de Subvencións, son subvencións previstas nominativamente nos Orzamentos Xerais do Estado, das Comunidades Autónomas ou das Entidades Locais, aquelas cuxo obxecto, dotación orzamentaria e beneficiario aparecen determinados expresamente no estado de gastos do orzamento.

2. Na Administración Xeral do Estado, nas Entidades Locais e nos organismos públicos vinculados ou dependentes de ambas, será de aplicación ás devanditas subvencións, en defecto de normativa específica que regule a súa concesión, o previsto na Lei Xeral de Subvencións e neste Regulamento, salvo no que nunha e outro afecte á aplicación dos principios de publicidade e concorrência.

3. O procedemento para a concesión destas subvencións iniciárase de oficio polo centro xestor do crédito orzamentario ao que se imputa a



Concello de Ponteareas

subvención, ou a instancia do interesado, e terminará coa resolución de concesión ou o convenio. En calquera dos supostos previstos neste apartado, o acto de concesión ou o convenio terá o carácter de bases reguladoras da concesión para os efectos do disposto na Lei Xeral de Subvencións.

A resolución ou, no seu caso, o convenio deberá incluír os seguintes extremos:

- a) Determinación do obxecto da subvención e dos seus beneficiarios, de acordo coa asignación orzamentaria.
- b) Crédito orzamentario ao que se imputa o gasto e contía da subvención, individualizada, no seu caso, para cada beneficiario se fosen varios.
- c) Compatibilidade ou incompatibilidade con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administracións ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.
- d) Prazos e modos de pago da subvención, posibilidade de efectuar pagos anticipados e abonos a conta, así como o réxime de garantías que, no seu caso, deberán achegar os beneficiarios.
- e) Prazo e forma de xustificación por parte do beneficiario do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e da aplicación dos fondos percibidos”

Tendo en conta que órgano competente para a concesión de subvencións é a Alcaldía, pero a competencia para asinar os convenios de Cultura foi delegada no 1º Tte. de Alcaldesa mediante Decreto de Alcaldía núm. 2023-2084, do 19 de outubro de 2023, polo que se **RESOLVE:**

Primeiro.- Aprobación do Convenio de Colaboración entre a CMVMC de Xinzo con CIF V36021756 e o Concello de Ponteareas, nos términos recollidos neste expediente.

Segundo.- Autorizar e comprometer o gasto no importe de 2000,00€ (DOUS MIL EUROS), na aplicación orzamentaria 2025/0/33000/4802601/01



Concello de Ponteareas

Terceiro-Remitir o acordo de concesión á Base de Datos Nacional de Subvencións, en cumprimento do sinalado no artigo 20 da Lei 38/2003 do 17 de novembro Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Notificar o presente acordo á CMVMCM de Xinzo, para a sinatura do convenio, debido a que de conformidade co artigo 48.8 da Lei 40/2015, os convenios perfecciónanse polo consentimento das partes.

ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE

